

Informe da Directora Xunta de Escola, 11 de maio de 2022

1 Actividades de representación

- Asistencia da directora ao acto de presentación do programa INSPIRA STEAM da Universidade de Vigo para o curso 22-23.
- 29 de abril. Asistencia da directora ao acto de defensa de traballos STEMBach do bienio 20-22 do IES A Paralaia, dirixidos por David Patiño e Raquel Pérez. No tribunal participou o profesor Pablo Eguía.

2 Reunións de traballo

- 19 de abril. Asistencia de Guillermo García, en calidade de Coordinador de Calidade do centro, á sesión informativa convocada polo Área de Calidade sobre o Programa de desenvolvemento estratéxico dos centros.
- 31 marzo, 5, 6 e 25 de abril, 2 maio. Asistencia de María Araújo e a directora ás reunións de traballo da elaboración proposta do Máster en Xestión Sostible da Auga coas persoas representantes das tres universidades participantes (UDC, USC, UVIGO).
- 6 e 27 de abril. Asistencia da directora ás sesións de traballo do desenvolvemento do convenio RAI-CODEIME.
- 7 de abril. Asistencia da directora á reunión convocada polo Secretario Xeral de Universidades en relación ao desenvolvemento de propostas de titulacións G2030.
- 7 de abril. Reunión da directora co Reitor e directores das Escolas de ET e EI para informar sobre a entrada en vigor do RD 822/2021.

A directora agradece a participación das persoas implicadas no desenvolvemento destas actividades.

3 Mobilidade

Publicáronse as listas definitivas de alumnado admitido nos programas de mobilidade para o curso 2022-2023: ISEP (1), ERASMUS+ (4) e SICUE (4).

En relación á participación en programas de mobilidade de profesorado no 2021-2022 participaron 9 profesores/as, o que supón un incremento importante respecto á participación no curso anterior.

Agradécese a Iago Pozo o labor de información e coordinación da mobilidade do centro.

4 Igualdade

4.1 Concurso Mulle.RME 2022

O 11 de marzo tivo lugar o Acto de entrega do Premio MULLE.RME 2022. As persoas gañadoras foron:

- 1º Premio: “Leyendo taludes de oro”. María Rocha Gil

— 2º Premio: “Verdi 02”. Cristina Aitana Verde Salas.

4.2 Cine Fórum (in)VISIBILIDADE das MULLERES STEAM NA CINEMATOGRAFÍA

Estase a desenvolver a actividade Cine Fórum (in)VISIBILIDADE das MULLERES STEAM NA CINEMATOGRAFÍA. Realizáronse dúas sesións, coa presenza dunhas 30-40 persoas. As seguintes terán lugar os días 12 e 19 de maio, coa emisión das películas “*Sesgo codificado*” e “*Descifrando Enigma*”.

4.3 Distintivo de Igualdade

A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía acadou o Distintivo de Igualdade da Universidade na súa edición e é o primeiro centro do ámbito da enxeñaría da Universidade de Vigo que acada este distintivo.

Agradécese a Generosa Fernández o labor de coordinación destas actividades e o apoio de Teresa Rivas.

5 Divulgación

5.1 Visitas á Escola a través do SIE

Data	Centro	Participantes da EME	Curso	Asistentes
23/03/2022	IES A Guía (Vigo)+ Colexio Bouza Brey (Vigo)	María Araújo	2º bach	11
25/03/2022	IES A Cañiza	María Araújo	2º bach	15
30/03/2022	IES do Castro	Iago Pozo	2º bach	30
04/04/2022	IES nº1 (Carballiño)	Iago Pozo	2º bach	35
07/04/2022	IES Escolas Proval (Nigrán)	Iago Pozo	2º bach	10
20/04/2022	IES San Tomé (Vigo)	Iago Pozo	2º bach	39
25/04/2022	IES Val do Tea (Pontearreas)	Iago Pozo	1º bach	16
29/04/2022	IES Chamoso Lamas (Carballiño)	Iago Pozo	1º bach	9

5.2 Conferencias nos IES

Data	Centro	Participantes da EME	Curso	Asistentes
22/03/2022	Colexio Santiago Apóstol (Santiago de Compostela)	María Araújo (Enxeñaría espacial e charla sobre os graos)	4º ESO	17
23/03/2022	IES San Mamede (Ourense)	Xurxo Rigueira (Materiais novos intelixentes)	2º ESO	32
24/03/2022	IES Urbano Lugrís (A Coruña)	Carlos Collazo (A chispa azul)	3º ESO	35
25/03/2022	IES Concepción Arenal, Ferrol	Charlas sobre os graos	Bach	200

29/03/2022	IES Antonio Fraguas (Santiago de Compostela)	María Pazo (Materiais intelixentes)	3º e 4º ESO e 1º bach	15 (Clube Ciencias)
31/03/2022	IES Antón Alonso Ríos (Tomiño)	Iago Pozo (Conservación da arte urbana (street art)).	1º e 2º bach	200
05/04/2022	IES Auga da Laxe de Gondomar.	Elena Alonso (charla sobre graos)	2º bach	14
07/04/2022	IES Laxeiro de Lalín	Benito Vázquez (Física Recreativa)	1º bach e FP	70
07/04/2022	IES Rosais II (Vigo)	Iago Pozo (Aspectos medioambientais na explotación de recursos minerais)	2º bach	37
08/04/2022	IES A Basella de Vilanova	Benito Vázquez (Física Recreativa)	2º bach	14
08/04/2022	IES Rosais II (Vigo)	Elena Alonso (charla sobre os graos)	1º bach	35
21/04/2022	Compañía de María (Vigo)	María Pazo (Materiais intelixentes)	1º bach STEMBach	10
22/04/2022	IES Pontedeume	Francisco Deive (charla sobre os graos)	1º e 2º bach	60
28/04/2022	IES Salvaterra do Miño	Benito Vázquez (Física Recreativa)	2º bach	30

5.3 Aula Aberta TecnoCiencia

Data	Centro	Participantes de la EME	Curso	Asistentes
25/03/2022	IES Illa de San Simón, Redondela	David Patiño (benvida) Ana Larrañaga: Intelixencia artificial (2 sesións) Xurxo Rigueira (2 sesións) Carmen Figueira e Nuria de Castro (guías)	4º ESO	50
01/04/2022	Instituto Santa Irene, Vigo	Iago Pozo Benito Vázquez (2 sesións) Francisco Deive (2 sesións)	1º bach	50

5.4 Obradoiro de Minerais

Data	Centro	Participantes da EME	Sesións	Curso	Asistentes
19/04/2022	Colexio Marcote (Mondariz)	Iago Pozo e Carmen Filgueira	1	1º bach	31
29/03/2022	Colexio Juan Sebastián Elcano (Pontevedra)	Iago Pozo	2	1º e 2º ESO	30

5.5 Feira “A Ciencia que ven”

Celebrouse o 18 de marzo de 2022 no Berbés e foi organizada pola Unidade de Cultura Científica (UCC) da Universidade de Vigo. Participaron Iago Pozo, Elena Alonso, María Pazo, Xurxo Rigueira, María Araújo, Carmen Filgueira e Nuria Castro.

5.6 Feira Galiciencia

A Feira celebrouse os días 11 e 12 de maio; a escola participou no desenvolvemento do seminario “Economía circular e minerais estratéxicos” ao que asistiron 39 estudantes. Participantes: Teresa Rivas e Nuria Castro.

5.7 VI Semana das Ciencias, Ponteareas

O 22 de marzo David Patiño estivo na VI Semana das Ciencias para impartir unha conferencia ao público xeral sobre a biomasa como recurso enerxético.

5.8 Feira de Minerais de Guláns

O 6 de marzo celebrouse a Feira de Minerais de Guláns (Ponteareas). Participaron Iago Pozo, Carmen Filgueira e Nuria Castro no desenvolvemento de obradoiros de minerais. Asistentes: 300 estudantes.

5.9 Programa STEMBach

O 28 de abril celebrouse a defensa de proxectos do programa STEMBach da edición 2020-2022 do IES A Paralaia. A defensa dos traballos realizouse en modalidade non presencial. Presentáronse os seguintes traballos, dirixidos por David Patiño e Raquel Pérez-Orozco:

- *Experimentación sobre a viabilidade dos pellets de toxo e comparación das súas emisións cos comerciais.*
- *Influencia de la ventilación en el aula en la concentración de CO2.*

No tribunal participou Pablo Eguía, en representación da Escola, e asistiu á defensa, en representación do centro, a directora.

En relación ao desenvolvemento do programa no resto de IES os traballos realizados foron:

- ES Valadares e Aquis Celenis. Os días 8, 11 e 12 de abril o alumnado visitou o laboratorio “*Conservación do Patrimonio Cultural*” e o CACTI con Iago Pozo.
- IES Aquis Celenis e ROU. 6 de abril o alumnado visitou as instalacións de Vertex Bioenergy en Teixeira (A Coruña) con Fran Deive.

5.10 Concesión do proxecto “*la Caja Sostenible*”

Solicitouse o proxecto “*La Caja Sostenible*” á convocatoria “*Ayudas para el Fomento de la Cultura Científica, Tecnológica y de la Innovación*” da FECYT e foi concedida a subvención solicitada. No proxecto participan Iago Pozo (Coordinador), María Araújo, Teresa Rivas, Elena Alonso, David Patiño, Raquel Pérez, Pablo Eguía, Benito Vázquez, Francisco Deive e Moisés Cordero.

5.11 Concesión apoio económico I Campamento de Xeoloxía

Bienvenido Diez, profesor da Escola, solicitou financiación para a realización do I Campamento de Xeoloxía, no marco dos Cursos de Extensión universitaria da UVIGO. A actividade está organizada por Bienvenido Diez Ferrer e participan como docentes Bienvenido Diez e Artai Santos.

A actividade conta co apoio da Escola, dado que se trata dunha actividade que complementa a formación en materia de xeoloxía do alumnado do centro. A actividade realizárase do 29 de agosto ao 2 de setembro en Palencia e ten un custo aproximado 145 € para público xeral e 95 € para alumnado, PDI e PAS da UVIGO.

Agradécese ás persoas que participaron nas actividades de divulgación e a Iago Pozo o labor de coordinación.

6 Sistema Garantía Calidade

6.1 Enquisas Avaliación Docente

O 5 de maio púxose en marcha o proceso de Enquisas de Avaliación Docente (EAD) do 2º cuadrimestre do curso 2021-2022 na modalidade en liña; o alumnado recibe un correo invitándolle a participar cun enlace directo á aplicación e o prazo remata o 31 de maio de 2022.

Tamén está habilitado o prazo de realización das enquisas de satisfacción coas titulacións do 1 de abril ao 17 de xuño. As enquisas están abertas para:

- Alumnado de grao que se matricula por 1ª vez no 3º curso
- Alumnado de máster que se matricula por 1ª vez no 2º curso.

Desde a Escola envíanse recordatorios ao alumnado para incentivar a participación.

Agradécese a Guillermo García o seu traballo como Coordinador de Calidade do centro.

7 Actividades académicas extracurriculares

7.1 Visita co estudantado de 2º dos graos

Realizouse unha visita ao espazo mineiro rehabilitado de Limeisa en Meirama (A Coruña) o día 21 de abril co estudantado de 2º dos graos da Escola. A actividade foi organizada por Francisco Deive.

7.2 Viaxe estudos dos graos

Retomouse a realización da viaxe de estudos para o estudantado dos graos do centro, realizándose do 25 ao 28 de abril. O alumnado visitou Reganosa, Mina Sonia e Norvento (Galicia), Lavadoiro do Batán e a Central Térmica da Pereda, Museo da Minería e a Central Térmica de Aboño (Asturias).

Agradécese a Fran Deive a organización da actividade coa axuda de Carmen Romo. Agradécese a Fran Deive e Ana Rodríguez o labor de acompañamento do estudantado. E agradécese ao Consello Social da Universidade o apoio económico.

8 Procedementos administrativos

8.1 Participación no Programa de Maiores 2022-2023

O procedemento establece que só hai que avisar no caso de que o profesorado non queira continuar ofertando a súa materia ou que o centro notifique a non existencia de docencia en materias de renovación automática. O prazo para facer a comunicación é ata o 27 de maio de 2022.

Está aberto o prazo para solicitar a oferta de materias para o Programa de Maiores.